

Celebradas con éxito as xornadas de Saúde Laboral para o persoal de Seguridade e Limpeza hospitalaria



[1]

As xornadas nacionais de Saúde Laboral destinadas ao persoal de Seguridade privada e de Limpeza hospitalaria, que organizou CIG-Servizos o 15 de outubro en Compostela, foron todo un éxito. Nos encontros analizouse tamén a situación actual da negociación colectiva en ambos sectores.

19/10/09.

No caso da Seguridade privada, abordáronse de igual xeito outros temas que incumben os traballadores como o intrusismo existente na profesión ou a estratexia sindical que se debe trazar no sector a curto e medio prazo.

Pola súa banda, o persoal da Limpeza hospitalaria recibiu información acerca da coordinación de actividades empresariais ou sobre a importancia que debe adquirir a Saúde Laboral na negociación colectiva.

Os e as traballadoras participantes nas xornadas gozaron dun xantar de confraternización.

Novas relacionadas: [CIG-Servizos organiza unha xornada de Saúde Laboral destinada ao persoal de Limpeza hospitalaria](#) [2]

[Compostela acollerá a IV Xornada Nacional de Seguridade Privada da CIG-Servizos](#) [3]

Ligazóns:

[1] <http://www.cigservizos.org/node>

[2] <http://www.cigservizos.org/nova/2009.10.08/cig-servizos-organiza-unha-xornada-de-saude-laboral-destinada-ao-persoal-de-limpeza->

[3] <http://www.cigservizos.org/nova/2009.10.07/compostela-acollera-iv-xornada-nacional-de-seguridade-privada-da-cig-servizos>